

ROULANDO

Revista do IES República Oriental do Uruguai
Fevereiro, 2022

Nº 3



EDITORIAL

SEGUIMOS AQUÍ! UN CURSO MÁIS!!!!!!!

Un novo curso, un novo centro, unha nova etapa. Foron tres meses de moitos cambios. É un curso máis difícil e por iso estame a custar máis cós anteriores. En xeral, estou contenta, sobre todo cos/coas compañeiros/as.

Eva Román (1º BACH)

Neste curso nótase o cambio en canto ao nivel da ESO; é moito máis esixente e necesita unha implicación maior para poder sacalo adiante. Levo desde 1º da ESO neste instituto e creo que iso pode beneficiarme.

Antonio López (1º BACH)

Este ano no ROU noto un ambiente distinto xa que tiveron lugar moitos cambios entre estas paredes: novos/as alumnos/as e profesores/as. Tamén, curso tras curso o temario vaise complicando o que esixe moito máis traballo pola nosa parte.

Noa Cernadas (1º BACH)

Este é o sexto ano neste instituto, xa que estou repetindo. Comparado co ano pasado noto unha mellora en xeral, tanto persoalmente como na xestión da directiva.

R.D. (1º BACH)

A miña experiencia neste curso é moi diferente á doutros anos. Cheguei nova e para min foi un gran cambio. De momento estou contenta en todos os aspectos e estou segura de que vai ser un bo ano.

Uxía Román (1º BACH)

Tras levar neste instituto tres anos, considero que a ensinanza que obtiven foi boa, en xeral. Ademais coñecín moi bos/as profesores/as e compañeiros/as ao longo destes cursos.

Aínda que coa COVID-19 a ensinanza cambiou un pouco, a miña valoración é positiva.

Claudia González (1º BACH)

ÍNDICE

PAX

AS NOVAS

A loita dos veciños de Teis por unha biblioteca _____ 2

Aroa García Puga (1º BACH)

COIDO QUE...

Os micromachismos do noso día a día _____ 3

María Losada e Telma Campos (3º ESO)

Un ano máis de protocolo COVID _____ 4

Andrea Núñez, Jimena Pérez, Telma Campos e María Losada

CON CIENCIA

Psicoloxía e arte _____ 5

Antía Rodríguez (3º ESO) e Zorayda Pacini (2º BACH)

CONTO CONTIGO

A travesía polo río do esquecemento _____ 6

Guillermo Espada (1º ESO)

Asasino nocturno _____ 7

David González De Césero (1º ESO)

REVERSO

Cadáver exquisito _____ 8

Poema colectivo

ESTIVEMOS CON...

Entrevista a Nerea Estévez _____ 9

Kiara Tombo (3º ESO)

SEAREIR@S

Beisbol en Vigo _____ 10

Pablo Domínguez (1º BACH)

EFFECTO SONORO

Tanxugueiras e Eurovisión _____ 10

Antía Rodríguez, Antón Justo e Lucas Posada (3º ESO)

A TIRA

Tira cómica _____ 12

Aine López (2º BACH)

XOGAMOS?

Adiviña dos 9 triángulos _____ 12

Departamento de Matemáticas

QUE VER? QUE LER?

Spider-Man: No Way Home _____ 13

Bruno Núñez (2º BACH)

Encanto: Unha nova era en Disney _____ 14

Zorayda Pacini (2º BACH)

A loita dos veciños de Teis por unha biblioteca

Aroa García Puga (1º BACH)

Colectivos coma o Plan Comunitario, as ANPA, a Asociación de Veciños de Teis ou Voces polo Litoral de Teis están a xuntarse para organizar manifestacións pola construción dunha nova biblioteca, que se situará no edificio que conformaba o antigo ambulatorio do barrio.

Chamamos ao Plan Comunitario e puidemos comprobar que se leva sobre 7 anos traballando para que este propósito saia adiante (intentárase xa fai 17 anos pero non se conseguira nada). Afirmamos que, a pesar dos numerosos intentos de diálogo co concello, non se conseguiu nin unha soa reunión para establecer a estrutura do proxecto. A obra xa está confirmada para este ano, polo que, agora, a principal preocupación é o intercambio dos termos “biblioteca” e “sala de lectura”. A diferenza é clara, nunha biblioteca real existen libros en préstamo e persoal bibliotecario mentres que unha sala de lectura non conta con ditos elementos. Por isto, a idea destes colectivos é seguir concentrándose até obter unha resposta.

O director do noso centro, Pablo José Martínez Rodríguez, valora a gran necesidade dunha Biblioteca Pública Municipal na zona debido a que este é un barrio con gran densidade poboacional que concentra sete centros educativos con necesidade deste servizo. Declarou ao respecto: “As bibliotecas escolares deben ter un centro base de referencia, con horario completo e persoal especializado, co que coordinar as actividades de animación á lectura e culturais fóra do horario escolar. Non é de recibo que os miles de alumnos/as residentes e escolarizados/as no barrio, teñan a biblioteca pública máis próxima a 3 km na rúa M. Garrido (Biblioteca Neira Vilas). Existe un edificio en desuso perfectamente ubicado no barrio que podería cumprir esta función e atendería unha altísima demanda estudiantil e familiar”.

En conclusión, Teis pide unha biblioteca en condicións e pensa perseverar para conseguila.



Os micromachismos do noso día a día

María Losada e Telma Campos (3º ESO)

A pesar de que ao longo destes anos este problema xa mellorou bastante, aínda seguimos a ter algúns exemplos que ocorren no noso día a día que nos mostran que temos que seguir loitando para acabar con roles de xénero limitadores que reproducen micromachismos.

Os micromachismos son pequenos comentarios, comportamentos ou accións relacionados coa violencia de xénero. Estes estanse transmitindo constantemente, xa que son case imperceptibles e non nos damos conta de que forman parte do machismo. Desta forma, imos comezar a falar deles para intentar non transmitilos máis e así loitar contra esta desigualdade de xénero.



Rosa para as nenas e azul para os nenos: Sempre asociamos estas cores a un sexo definido, normalmente cando son bebés. Relacionado con isto, temos o exemplo dos accesorios, que soen estar baseadas unha temática concreta, como a de princesas, que adoitamos asociar coas nenas, ou a de piratas, que asociamos cos nenos.

As mulleres relacionadas con ser nais: As mulleres sempre están relacionadas cos temas de coidado de nenos. Un exemplo moi claro disto atopámolo nos restaurantes, cafeterías, bares... nos cales podemos ver que para indicar os baños, vemos que no símbolo da muller aparece ao lado o símbolo que mostra que podes cambiar o pañal ao bebé. Sinálase que son as mulleres, e non os homes, as que se encargan dos coidados dos bebés. Tamén, relacionado con isto, temos o termo coidadora de nenos (en castelán “niñera”). Este termo atópase xa en feminino, facendo referencia a esa relación que teñen as mulleres (e non os homes) coas crianzas. Todo isto asumímolo sen darnos conta, cando en verdade non ten por que ser así.



As palabras masculinas primeiro:

- Mestre, como podo formar unha palabra feminina?
- Partindo da súa forma masculina, e engadindo un "a" en lugar do "o" orixinal.
- Entendido, mestre. E o masculino, como se forma?
- O masculino non se forma, o masculino existe.

Con este diálogo de Victoria Sau, moitas persoas déronse conta deste micromachismo que está presente nas linguas do noso día a día.

Relacionado con isto, temos tamén o problema que hai con palabras como presidenta ou xuíza, dúas palabras admitidas pola RAG. Estas palabras úsanse para facer referencia a unha muller que exerce ese traballo. Porén, hai moitas persoas que en vez de dicir á forma en feminino, dian en masculino, desprezando a todas as mulleres, xa que desta forma, parece que esa persoa en verdade cre que os homes son superiores ás mulleres.

Todos estes micromachismos serven para lembrarnos que hai que seguir loitando por aquelas mulleres que non teñen os mesmos dereitos ca os homes. Esperamos que estes pequenos problemas que propician a desigualdade de xénero, co paso dos anos vaian desaparecendo para poder desfrutar da igualdade que tanto queremos.

Un ano máis de protocolo COVID

Andrea Núñez, Jimena Pérez, Telma Campos e María Losada (3º ESO)

Dende a volta de Nadal, todos notamos que cada vez son máis os coñecidos que se teñen que quedar na casa porque eles ou un familiar son positivos, facendo evidente o aumento dos casos. Cómpre que non nos relaxemos, porque se demostrou algo o covid, é que estará con nós durante moito tempo, e só podemos adaptarnos e convivir con el da forma máis normal posible. Para isto empregamos medidas que nos axudan a estar máis seguros.


Dende hai máis dun ano, os rapaces temos que levar máscara no recinto do instituto. Isto, aínda que é necesario para a nosa seguridade, é bastante incómodo; xa sexa á hora de dar as clases (debido a que custa máis entender as persoas que nos falan), ou en materias como Educación Física. Ademais, o alumnado acostumamos levar as máscaras cirúrxicas que non tapan toda a cara, quedando pequenos ocos polos que pode entrar o virus. O máis recomendable sería levar as máscaras FFP2 que si que cobren toda a cara.

Outra das medidas Covid é a ventilación. A ventilación nas aulas consiste en abrir as ventás e portas das clases de maneira que o aire se renove para non respirar sempre o mesmo aire que, posiblemente, estea contaminado. É unha das medidas que o alumnado máis odia debido a que ao abrir todo fórmase corrente e fai máis frío. Sabemos que debemos manter as fiestras abertas polo menos cinco minutos pero ás veces debemos pechalas porque non podemos aguantar o frío. Igualmente non a todas as aulas lles afecta isto porque non lles chega o vento tan directamente.

Con respecto ás distancias, temos que seguir manténdooas, aínda que neste momento a distancia entre unha mesa e outra é menor ca o anterior curso.

Moitas veces resulta incómodo ter que gardar as distancias, sobre todo á hora de falar con algún compañeiro ou cando temos que facer algún traballo xuntos. Aínda que en este curso xa se fan máis traballos grupais, algunhas veces non os podemos facer para poder gardar as distancias.

Igualmente debemos aguantar todo, xa queda menos para a nova normalidade. **Ánimo!**



Psicología e arte

Antía Rodríguez (3º ESO) e Zorayda Pacini (2º BACH)

Estas ilustracions feitas pola talentosa artista e estudante do noso instituto Antía Rodríguez Villar, amosan unha gran beleza ademais dunha chea de significados que cada quen pode interpretar segundo a súa propia experiencia persoal. Mais dende o alumnado de Psicología de 2º BAC tentamos darlle una explicación máis psicolóxica.



Nesta imaxe vexo dúas interpretacións posibles. Problemas da identidade como por exemplo o trastorno da identidade dissociativo (TID) comúnmente coñecido de forma errónea como trastorno da personalidade múltiple onde o paciente, no que debido a un gran trauma na infancia cando o cerebro está a desenvolverse, a súa personalidade fragmentase como método de protección do cerebro ante este trauma.

Tamén podería ter que ver coa imaxe corporal e problemas da autoestima.

Esta imaxe, a simple vista, ten máis que ver coa imaxe corporal ou o noso reflexo pero eu vexo trazos dunha persoa con pensamentos intrusivos. Os pensamentos intrusivos son ideas ou imaxes non desexadas, involuntarias, que chegan de xeito espontáneo á mente, agradables ou desagradables (polo xeral desagradables). Quen experimenta iso teme cometer os actos que imaxina na súa mente. As persoas con este tipo de pensamentos polo xeral padecen ansiedade ou depresión, aínda que tamén poden acompañar outras enfermidades mentais.



Nun principio o primeiro que pensei ó ver esta obra foi nos trastornos do sono como o insomnio, ou fenómenos no sono como a paralisia do sono, que consiste nun estado entre o sono mais profundo e o espertar no que e o corpo non esperta e non se move; pódese mirar ao redor e polo xeral hai alucinacións visuais, auditivas ou sensacións físicas. Tamén pode representar os terrores nocturnos, pesadelos moi forte e vivos que provocan terror real e que soen ocorrer en períodos de moito estrés.

Todas as obras poderían ter que ver coa experiencia que pode vivir unha persoa con depresión e ansiedade, o problema coa propia imaxe, o problema cos pensamentos intrusivos e problemas ao descansar na noite. Tamén poden estar vinculados co "vent art", un tipo de arte que só ten o propósito de liberar os sentimentos e que pode gardar un significado moi persoal ás veces ou simplemente servir para liberar tensións.

A travesía polo río do esquecemento

Guillerme Espada (1º ESO)

A República Azul tiña fronteira co Reino Vermello e os dous países declaráronse a guerra moito tempo atrás. A república Azul era unha república xusta, na que todo o mundo vivía alegre, feliz e libre. Pola contra, o reino Vermello era un reino malvado, no que todo o mundo era infeliz, agresivo, violento e particularmente inxusto.

Na república Azul vivía una moza chamada Aldara. Aldara era miúda, de longos cabelos, ollos pequenos e cara pálida. Tiña 20 anos. Porén, Aldara, que sempre fóra unha moza feliz, como todos os habitantes da república Azul tiña un pesar. Un pesar que lle doía moito. O pesar de Aldara era que o seu namorado, Pánfilo, morrera na guerra entre República e Monarquía. Pánfilo morrera afogado no río Revolto, un río que pertencía ó reino Vermello e que facía de fronteira entre os dous países na súa beira.

Aldara pasábase día tras noite chorando, e, trala morte de Pánfilo xamais saíra da casa da tristeza que sentía. Mais iso foi mudando a medida que se aproximaba a primavera, a súa estación favorita do ano. A Aldara encantáballe asomar a cabeza pola fiestra e ver as árbores florecendo e sentir de novo o sol, que apenas se vira no inverno. Aínda así, os seus pesares non a deixaban.

Na primavera a xente comezaba a levar o gando a pastar. Moitos destes pastores pasaban por diante da súa casa. Aldara comezouse a fixar nunha rapaza nova (aproximadamente da súa idade) que acompañaba ó seu gando. A rapaza tentou dicirlle algo, pero non foi quen de facelo. Ó día seguinte a Aldara tamén lle semellou que lle quería falar, pero tampouco se animou. Ata que ao terceiro día a rapaza preguntoulle:

- Por que choras? Pódoche axudar en algo?

Aldara quedárase abraiada, pois fora a cousa máis fermosa que ninguén lle dixera (agás Pánfilo, ó que tanto esatrababa). Quíxolle dicir que si, mais as palabras confundíronse na súa gorxa e só preguntou:

- Como te chamas?

- Luz -respondeulle a moza con gran tranquilidade.

Luz díxolle a Aldara que estaba encantada de coñecela, que quedaría a conversar con ela mais tiña que ir xa co gando para casa. Dende entón Aldara e Luz comezaron a falar. Un día Luz volveulle repetir:

- Aldara, estás ben? Sempre te vexo chorando...

Esta vez Aldara si que lle respondeu e contoulle o seu problema. Luz díxolle que o sentía e que tentaría buscar unha solución xunto a ela por imposíbel que fose. Aldara pensou que Luz, só superada por Pánfilo, era a mellor persoa que coñecera na súa vida, sempre tan feliz, tan sincera e tan compasiva...

Un día Luz díxolle a Aldara que tiña a solución a tódolos seus problemas: explicoulle que tiña que ir ó Río do Esquecemento, onde esquecería tódalas cousas que lle facían sentirse mal.

E así foi. Un día Aldara saíu da casa cando Luz ía co gando, para que lle guiara ata ao río. Foron conversando tan tranquilamente ata chegar ao río dos esquecementos. Aldara subiu a un bote que comezou a navegar só, coma se a barca soubese onde ir.

Aldara sentiu sono e pechou os ollos amodo. Cando foi quen de abrilos levou a maior sorpresa da súa vida: a pantasma de Pánfilo estaba aí, diante dela. Aldara tentou falarlle, pero axiña se decatou de que Pánfilo non podía responder... Mais aínda así foi marabilloso velo, sentilo preto unha vez máis.

De súpeto apareceu unha fada pequena xusto enriba do bote e ó mesmo tempo Pánfilo esfumouse. A fada anuncioulle a Aldara que para curarse das súas penas tiña que esquecer a Pánfilo durante uns segundos e despois, coa súa maxia, a fada faría que non volveuse pensar nel. Así o fixo. Pouco a pouco, Aldara sentiu como se libraba dun gran peso, como as mágoas da súa vida estaban desaparecendo. Volveu abrir os ollos e volveu á realidade, como unha habitante normal da república Azul: feliz, sen pesares... Libre para seguir navegando pola vida.

Asasino nocturno

David González De Césero (1º ESO)



Debuxo do autor

Esta criatura vive en Tercurio, un planeta doutro sistema solar.

É carnívora e normalmente caza pola noite polo que desenvolveu visión nocturna. Tamén é moi veloz, chega a alcanzar 80 km/h. Os animais que caza son moi diversos, pero non os mencionarei aquí. Son moi protectores coas súas crías e ensínanlles a cazar levándolles pequenos mamíferos vivos

Viven nos grandes bosques de palmeiras-cogomelo e son moi territoriais.

Cadaver exquisito

Poema colectivo do Obradoiro de Poesía impartido por Xabier Xil

Un cadáver exquisito é unha técnica de composición poética colectiva que desenvolveron os vangardistas, escribían un par de versos e dobraban o papel para que continuase outra persoa sen ler; iso daba lugar a asociacións inéditas. Neste caso presentámosvos o poema colectivo que creamos no Obradoiro de poesía “Poesía aquí e agora”, impartido polo poeta Xabier Xil Xardón.

O tempo arrasa con todo aínda que non queiras
 persoas, plantas e casas que xa ninguén lembra.
 Percorridas por camiños sinuosos que nos envolven
 en apertas que apertan o pasado.
 Tal vez o que levamos sobre os ombros
 chega dun lugar no que outros estiveron
 facendo unha fiestra, para poder bailar,
 cantar e divertirse ao pé da fogueira.
 Baixo os signos do sol vermello,
 unha barcaza sucando aquelas augas impenetrábeis,
 cheas de cousas preciosamente estrañas
 que tiñan tanto encanto que ás veces asustaban.
 Criaturas con gadoupas feitas de sombras escuras
 ruben até a parte máis inocente da miña mente.
 Golpeo a túa cara sen descanso,
 pero só rompo o espello onde vexo o meu reflexo.



Debuxo de Aine López (2º BACH)

Nerea Estévez Campioa de patinaxe artística sobre catro rodas en grupo

Kiara Tombo Gómez (3º ESO)

1. Desde cando patinas?

Desde que tiña 5 anos.

2. Porque empezaches?

Imaxínome que porque me gustaba cando era pequena e anotáronme na extraescolar do colexio.

3. Que medallas gañaches?

Quedamos dúas veces terceiras de España e subcampioas de España, subcampioas de Europa e subcampioas do mundo.

4. Como foi a experiencia do Mundial?

Foi única porque foi en Barcelona. Foi como xogar na casa e as bancadas estaban cheas de xente de Barcelona. Desfruteino un montón e fomos a por todas, teño un bon recordo diso.

5. Cres posible gañar outro Mundial?

Teño as miñas dúbidas, non sei. A tempada aínda non empeza pero non creo. Creo que hai moi poucas posibilidades. Primeiro temos que ir ao Galego, logo ao de España e segundo como quedemos no Mundial, ao Europeo ou nada. Penso chegar ao de España. Iso penso eu.

6. Por que creaches o teu propio club?

Para que as nenas do municipio puideran adestrar no seu municipio e non tiveran que desprazarse ata Vigo. Eu tiven que moverme a moitos sitios.

7. Como foi ese cambio á actividade de adestradora?

Eu xa comezara a adestrar con David (o meu adestrador desde que ía en 1o da ESO) en Gondomar. Foi algo novidoso por non ter a ninguén respaldándome detrás pero gustoume moito a experiencia e estivo moi ben.

8. Estudas ou traballas?

Traballo nun club e noutros clubs e estudo patinaxe. Ata o ano pasado cursei o grao de Educación física e Deporte.

9. O que gañas cos clubs sérveche para vivir ou necesitas algo máis?

Si, serve con iso.

10. Outros hobbies?

Gústame o paddle, pasear e facer rutas de sendeirismo. Todos os deportes en xeral. Volley praia, surf aínda que non o practico moito... e xogar ás cartas.


11. Como compaxinas todo? É difícil?

Si, é difícil. Tes que organizarte moi ben e ter claro o que é prioritario. Tentar organizarse o mellor posible tendo en conta as prioridades.

12. Canto tempo dedicas á patinaxe á semana?

A adestrar eu, contando o tempo de desprazarme ao pavillón 9 horas á semana, 5 e media sen contar o tempo de traxecto. E de adestrar eu ás nenas sobre 8 horas ao día e o sábado unhas 7.

Moitas grazas por esta entrevista e que sigas recollendo éxitos polo teu traballo.



Beisbol en Vigo

Pablo Domínguez (1º BACH)

O béisbol en España e na maioría de Europa non é un deporte moi practicado, nos países nos que mais se practica e máis se coñece de Europa son Italia e Países Baixos.

En Vigo antigamente había dous equipos, pero na actualidade só queda un. Este equipo é o Trasnos BC, un equipo fundado en 2010 que trata de formar e ensinar a rapaces de distintas categorías a aprender a xogar ao béisbol.

Na actualidade o Trasnos xoga na Liga Galega e na Liga Nacional, e na tempada 19/20 logrou gañar o grupo noroeste da Liga Nacional na categoría Senior.




EFEECTO SONORO

Tanxugueiras e Eurovisión

Antía Rodríguez, Antón Justo e Lucas Posada (3º ESO)

“Terra” é a canción de Tanxugueiras, candidata para representar a España en Eurovisión. Estreouse o 21 de decembro, ás 00.00. Esa mesma noite houbo un erro en Spotify: a canción filtrouse unhas horas antes da prevista, polo que varios fans puideron desfrutala antes ca outros. As redes enchéronse de críticas, maioritariamente favorables sobre a canción.

Para cando xa foi a hora na que se estreaba a peza, moitas persoas estaban pendentes para escoitala canto antes. De feito, un dos seus competidores no Benidorm Fest, o rapeiro Rayden, tamén foi dos que escoitaron o adiando. Publicou en Twitter: “ides flipar co tema de Tanxugueiras moito, moito”.



Na primeira semifinal do Benidormfest do pasado 26 de xaneiro foron seleccionadas para a final grazas ao voto popular. As redes arderon pola falta de votos do xurado, a pesar de figuraren como favoritas e, sobre todo, presentaren un temazo con moita forza, orixinalidade, calidade musical e escénica e unha gran mensaxe. Igualmente a final deste sábado 29 de xaneiro estivo rodeada de polémica: quedaron de primeiras no voto popular e demoscópico e novamente quintas na valoración do xurado. Por esa valoración negativa, repetíronse nas redes memes, comentarios e manifestacións de protesta.



A estética e proposta musical das Tanxugueiras, recolle a tradición das cantigas e coplas populares galegas e lévaas á súa particular actualización con efectos electrónicos, poderosos ritmos e unha actitude de reafirmación e orgullo. O tema co que compiten repite “non hai fronteiras” nas linguas oficiais do estado e mais en lingua de signos; transmite tamén a alegría de compartir a música, o canto e a festa. Con todo, Tanxugueiras (o nome do trío formado por Aida Tarrío e Olaia e Sabela Maneiro, parte dun microtopónimo) non é un produto creado para o concurso. É un grupo cunha forte presenza no panorama musical galego e quizais sexa o mellor exemplo de actualización da tradición aos códigos musicais e de espectáculo actuais e da xente nova

Comezaron no 2017 colaborando con A banda da loba e no 2018 editan o seu primeiro disco, *Tanxugueiras*, colaboran con diversos artistas e saen de xira por diferentes países. No 2019 foron galardoadas co Premio Martín Códax da Música. No 2020 publican *Contrapunto* recoñecido como un dos vinte mellores discos do World Music Charts Europe. Xa no 2021 publican o tema e videoclip “Midas” que causou furor pola súa orixinalidade e a inclusión de baile tradicional modernizado e estilizado. O tema explica que as riquezas poden xogar unha mal pasada. Relata a historia dun home que cando gañou cartos xa non o quería nin o gando e compárase cos pobres que dan o que poden. Meses despois sae o tema e videoclip “Figa”, no que pretenden romper cos estereotipos, cunha mensaxe de apoderamento feminino inherente á súa proposta musical. No vídeo aparecen escenas onde as bruxas son cazadas e queimadas na fogueira: a figa repelería o mal de ollo, os malos desexos, mais tamén o machismo.



Aine López (2º BACH)



xOGAMOS ?

Adiviña dos 9 triángulos

Departamento de Matemáticas



No episodio final da 26ª tempada de *The Simpsons*, Lisa anotase a un concurso de problemas matemáticos. A adiviña final é das mellores que existen e ademais é unha homenaxe a Matt Groening, o creador da serie.

A adiviña é a seguinte: **traza 3 liñas rectas de forma que dentro desta M se creen 9 triángulos non superpostos.**

Trátase dun enigma moi, moi difícil, así que tómate o teu tempo...

Spider-Man: No Way Home

Bruno Núñez (2º BACH)

A PELÍCULA QUE RECAUDOU MÁIS DE 1.000 MILLÓNS DE EUROS NUNHA PANDEMIA MUNDIAL

A película estreouse o 17 de decembro do derradeiro ano 2021 mundialmente. É unha das películas máis esperadas non só do ano se non da década. É o filme final da triloxía do coñecido e amado héroe de Marvel, Spider-man, que dunha maneira máis que satisfactoria conclúe as aventuras do heroe, interpretado polo coñecido e querido actor británico Tom Holland.

A película pon fin a unha era de case vinte anos, na que tres actores diferentes se puxeron na pel do noso heroe arácnido (Tobey Maguire, Andrew Garfield e Tom Holland). Nesta entega volven todos os antagonistas das anteriores triloxías.



Cóntase cun elenco moi completo e talentos desde actores invitados como Alfred Molina o Jamie Fox, Benedict Cumberbatch como o poderoso Doctor Strange, a famosa actriz Zendaya como a noiva do mozo e carismático heroe de Queens, Peter Parker interpretado unha vez máis polo carismático actor británico, Tom Holland.

A pandemia non lle impediu á película entrar nos 10 filmes com máis éxito de público da historia, superando xa os mil millóns, o cal é impresionante para unha película, pero máis o é se temos en conta a situación social na que a xente deixou de ver algunha película no seu fogar, para non perderse a estrea do noso arácnido favorito na gran pantalla. E para os fans desde a película de 2004, pode que saia máis dunha araña na pantalla!



Encanto: Unha nova era en Disney

Zorayda Pacini (2º BACH)

No ano 2017 Disney estreou unha das películas máis innovadoras da súa franquicia chamada "Coco", unha película ambientada no país de México nunha das súas tradicións máis coñecidas e interesantes "O día dos mortos". Este filme profundizou nunha nova era en Disney máis centrada nas historias familiares onde o romanticismo non ten tanta relevancia (para o personaxe principal). Tamén, con esta nova era, a empresa deulle protagonismo ás culturas dos personaxes e á súa etnia.

No ano 2021 estreou a película "Encanto" ambientada en Colombia e que exalta a súa música, tradicións e vestimentas. A historia non se centra na rica cultura colombiana senón nunha historia familiar.

A banda sonora e parte da historia surxiron da mente mestra do ilustre Lin Manuel Miranda, coñecido pola produción do musical "Hamilton" e outras producións de grande magnitude intelectual. A achega deste xenio musical só fixo aínda máis increíble esta produción, con música de orixe colombiana tradicional e ritmos urbanos máis modernos.


Outra das novidades de *Encanto* foi a visión máis realista dos latinoamericanos, presenta "novos tipos de latinos" máis alá da visión máis estendida do sudamericano promedio que se nos amosou en *Coco* por exemplo. Hai personaxes con cores de pel diferente, afrolatinos, indíxenas, latinos-brancos entre outros moitos tipos de latinos que representan a variedade que existe no continente.

Falando da historia, podemos coñecer unha grande variedade de personaxes con poderes e problemas distintos pero todos teñen como punto de inflexión a familia e a importancia que ten para eles o seu fogar. Nesta película non hai un vilán real, todos teñen as súas motivacións e buscan o mellor para o seu pobo, Encanto, e a súa familia, os Madrigal. A protagonista é Maribel Madrigal e é unha das primeiras protagonistas con lentes na industria, se a consideramos unha princesa (que non o é) podemos considerala a primeira en usar lentes. Estes teñen unha simboloxía na película ademais das bolboretas amarelas que fan referencia ao libro de "Cien años de soledad" do autor colombiano Gabriel García Márquez.

Persoalmente recomendo moito esta película que se atopa nos cines e tamén na plataforma de Disney Plus, a música é preciosa e ten unha calidade increíble grazas ó excelente Lin Manuel Miranda, os personaxes son moi entrañables, a estética é moi cuidada e con moitísimos detalles. A historia é moi interesante e considero que ten unha boa mensaxe. É imposible non identificarse con un destes personaxes.

Esta nova era de Disney promete moito con este novo estilo tan familiar e de significados profundos.





EXPOSICIÓN TEMPORAL

ANTONIO PALACIOS

SOÑOS DE MODERNIDADE
COMPROMISO CON GALICIA

VISITAS GUIADAS GRATUITAS

MARTES E VENRES

12:00h.

17:00h.

SÁBADOS E DOMINGOS

12:30h.

18:30h.




IMPRESCINDIBLE RESERVA PREVIA

Horario atención e reservas: de martes a sábados de 11.00h. a 14.00h.

986247750 - info.museodomar@xunta.es

RECOMENDÁMOSE O USO DE MÁSCARA SANITARIA NO INTERIOR



"VIRTUDES (E MISTERIOS)", PREMIO NACIONAL DE NARRATIVA 2021

Roulando nº3
Revista do IES República Oriental do Uruguai
Febreiro, 2022 - Teis (Vigo)



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega